



INDO Ó CELME

O teólogo e ensaísta: Victorino Pérez Prieto (I)

Superados xa os nachos tempos do positivismo e do neopositivismo, nos que se demonizaba, abafallaba e rexeitaba todo discurso que non fose

empiricamente contrastable (como se a capacidade cognoscitiva humana acabase aquí), xa non hai atrancos culturais en aceptar como razoables discursos éticos, psicanalíticos, relixiosos ou políticos.

A pretensión do cientifismo de rexeitar como incognoscible e propio do ámbito sentimental ou subxectivo todo o que non fose obxectividade técnica e científica, semella quedar definitivamente superado. Fenomenoloxía e hermenéutica ábrennos, curados xa de reductivismos, a novas posibilidades de investigación rigorosas. Por iso, tan sería pode ser a investigación verbo da alteración da secuencia de nucleóticos nun xene ó variar a actividade enzimática codificada por ese xene como a modulación da afectividade mediante a adquisición da virtude da magnanimidade. Neste sentido, o pensamento teolóxico constitúese con tanto rigor como calquera outro ámbito de reflexión.

Pois ben: no ámbito do ensaio galego tamén atopamos sobranceiras mostras dun traballo rigoroso no que atinxe á teoloxía. Xa temos falado de Torres Queiruga. Haberemos falar de varios máis.

Mais hoxe quero determe en Victorino Pérez Prieto, teólogo e ensaísta. Por ser creador tan fecundo e novo de idade, produce un certo temor falar da súa obra ensaística, pois que, con ser xa vizosa, semella estar nos seus albores. Por iso, todo o que agora digamos será, necesariamente, provisional.

A súa boa formación teolóxica, escrituraria, filosófica e literaria explica que a súa produción, a dos seus ensaios e a dos múltiples artigos espallados por *Irimia*, *Encrucillada*, *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia* (así como tamén nalgu-

nhas revistas en castelán), abrangan temas moi distintos: ecoloxía, sexualidade, a eutanasia, mocidade e movementos xuvenís...

A DIMENSIÓN RELIXIOSA E CRISTÍ DOS NÓSOS CLÁSICOS LITERARIOS

Pero, sobre todo, sempre documentada e rigorosamente, dedicou boa parte dos seus ensaios e estudos á dimensión relixiosa e cristiá dos nosos clásicos literarios. Escribiu, así, artigos como *O tema relixioso en Risco*, *Cristianismo e Galicia en Otero Pedrayo*, *Castelao, un crente galego*, *Cuevillas, cristián e galeguista*, *Risco e maillo demo*. Cristalizaron todos eles nos ensaios que constitúen, ata o momento, o *prato forte* da súa produción: *A xeración Nós*, *Galeguismo e relixión* (1988); *Cristiáns e galeguistas* (1994); *Galegos e cristiáns*, *'Deus fratesque Gallatiae'* (1995).

Mestos no contido, moi ben documentados, pero de amable, coidada e dinámica feitura, levan da man ó lector. E como *caecus non judicat de colore* (os cegos non poden xulgar sobre a cor), semella unha vantaxe que sexa un crente quen dende a súa sensibilidade relixiosa se confronte e afonde, non sen paixón, no feito relixioso dun gran feito de escritores. A (hipo)tese en derredor do cal se artellan os tres ensaios consiste na mostración do íntimo vellelo entre galeguismo e cristianismo, alén de prexuízos anticlericais e tamén de proselitismos interesados, ó longo da nosa historia cultural.

Dadas as actuais connotacións (políticas e relixiosas) que teñen reciprocamente os epítetos de *galeguista* e de *cristián* non semella doada á tarefa.

Pero ardida e arrichadamente, trata de amosar Pérez Prieto, en fin, o carácter alicerzal de cristianismo e galeguidade no seo da nosa identidade cultural, e o vellelo entre os dous factores. No primeiro, cínxese á Xeración

Nós. Pero nos outros pasa a súa ollada sobre personaxes que abranguen dende Exeria e Prisciliano, Diego de Xelmírez, o P. Feijoo, pasando polos clásicos Rosalía, Pondal, Curros, Faraldo, Brañas, ata Manoel Lago, López Ferreiro, Saco e Arce, Amor Ruibal, Francisca Herrera, Noriega Varela, Celso Emilio, Cunqueiro e Díaz Castro.

A carón destes excelentes traballos, descubrimos a verdadeira talla intelectual de Victorino Pérez Prieto noutros traballos.

Indicarei dous especialmente significativos: *A sexualidade no marco do amor*, *Terminoloxía e bibliografía sobre eutanasia*. Neles, igual que noutros moitos, dá boa conta de que para el nada humano lle é alleo. A súa apertura intelectual empúrrao a abordar estes temas tan próximos á persoa e ó seu feito.

O primeiro, que aborda dende parámetros conceptuais cristiáns (e nada moralistas, por certo), presenta unha visión positiva da sexualidade, amosando cómo está chamada á súa inserción nunha estrutura antropolóxica de encontro e amor para atopar o seu máximo significado. Dende aquí aborda diversos reduccionismos: o de confundir formación sexual con mera información, os programas educativos a meras indicacións sobre evitación do embarazo. Con gran claridade e rigor propón mesmo algunhas liñas do que, en función do dito, deba ser unha educación humanizante e responsabilizante da sexualidade.

O segundo artigo, con gran claridade e con brevidade pedagóxica, o cal tamén é de agradecer, ten a virtualidade de aclarar semanticamente unha chea de termos referentes ó complexo feito da eutanasia; sucio, eutanasia pasiva, distanasia, dereito a morrer dignamente, etc. Pero, sen dúbida, a última gran achega no ámbito ensaístico é a que fixo o escritor no ámbito da ecoloxía: *Do teu verdor cinguido*. Del trataremos no vindeiro artigo. ■

CONSULTORIO LEGAL

Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
ESCOLA DE PRÁCTICA JURÍDICA

Colexio de Procuradores
de Santiago de Compostela

Deducir gastos na renda



—¿Pode un profesional liberal desgravar na súa declaración da renda os gastos de desprazamento realizados por mor do seu traballo?

—Si, de termos en contra que o rendemento neto das actividades económicas dos profesionais, como neste caso, se determina segundo as normas do Imposto de Sociedades, e este, no precepto relativo ós gastos que non son deducibles, non inclúe expresamente os derivados do desprazamento con ocasión do traballo; por iso, dunha interpretación estricte da lei, entendemos que si cabería a dedución deses gastos.

Presentarse a unhas oposicións



—¿Pode unha persoa con antecedentes penais presentarse a unhas oposicións para funcionario da Administración central?

En termos xerais, os antecedentes penais non son un obstáculo para presentarse a oposicións, con dúas excepcións:

- 1) Que se estea executando unha sentenza que leve emparellada inhabilitación para cargo público.
- 2) Que se trate de oposicións para o ingreso en determinados corpos da Administración, como Garda Civil, Policía...

En calquera caso, debe terse en conta que os antecedentes penais poden ser cancelados, cando se cumpran os presupostos legais para iso.

Dereito de tenteo



—¿En que consiste o dereito de tenteo nunha compravenda?

—É un dereito real de adquisición preferente que lle outorga ó seu titular a facultade de adquirir onerosamente un ben sobre o que tal dereito recae, con preferencia a outra persoa, polo mesmo prezo que esta pagaría, é dicir, polo tanto ofrecido por esta a outra persoa (de aí a súa denominación).

Este dereito confírenlle ó seu titular unha acción de carácter universal.